

7/7 APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VARIOS ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, NA RÚA SAN MARCOS DO CONCELLO DE LUGO, MEDIANTE A INSTALACIÓN DE TERRAZAS E CADEIRAS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 11 de novembro de 2011 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Informe sobre adxudicación de terrazas de hostalería na praza de san Marcos asinado pola Directora do Proxecto URBAN e maila Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

II.- Anexos correspondentes á ubicacións das terrazas na Rúa San Marcos así como os relativos ás características do mobiliario incluído no ‘Proxecto de peonalización e adecuación do contorno da rúa San Marcos’.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo desexa autorizar a utilización ou aproveitamento especial de tres espazos en terreos de dominio público municipal habilitados na praza de San Marcos mediante a instalación de terrazas con mesas e cadeiras coas características e deseño fixados no proxecto de peonalización e adecuación do contorno da rúa San Marcos (concretamente planos T_01B, T_02_B1 e T_02_B2 que se achegan como anexo a esta proposta) O tratarse dun uso común especial do dominio público pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza. O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, agás se por calquera circunstancia se limitara o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo.

No suposto de referencia, o número de postos está limitado a TRES nos lugares delimitados para elo e que figuran no plano anexo ás bases, razón pola que se propón a aprobación dunhas bases que rexerán no procedemento de licitación que se levará a cabo.

Anualmente dítase un Bando de Alcaldía que establece a regulamentación relativa á instalación de terrazas na vía pública se ben se trata de condicións xerais que non son de obrigado cumprimento en todo caso toda vez non ten a natureza de ordenanza.

Por outra banda o informe de Directora do Proxecto URBAN xustifica a non aplicabilidade do apartado terceiro e cuarto do dito Bando.

O apartado terceiro establece que *‘As mesas e as cadeiras colocaranse, como norma xeral apegadas á fachada do establecemento...’*. A Directora do Proxecto URBAN informa que no proceso de peonalización da rúa San Marcos realizouse un estudo

completo dos usos da praza e se sinalaron uns espazos únicos para a instalación de terrazas que non se poden considerar ligados ás fachadas de ningún local.

Por outra banda o punto Cuarto do Bando establece que *‘O equipamento das terrazas de hostalería que se autorice no recinto histórico (área PEPRI) axustarase aos requisitos que se sinalan neste Bando. Con posterioridade, o Concello pode decidir outras zonas diferenciadas nas que se sinale un mobiliario específico’*

O proxecto para as obras de peonalización e adecuación do contorno da rúa San Marcos estableceu a posibilidade de instalar mobiliario urbano de uso temporal en espazos concretos da praza mediante terrazas vinculadas a locais de hostalería con indicación das características que deben cumprir que se inclúen en tres planos elaborados pola UTE SAN MARCOS e que figuran como anexos a esta proposta.

Segundo.- A Ordenanza Fiscal número 152 de ‘taxas por aproveitamentos especiais na vía pública’ establece no artigo 6º que *‘Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licenzas mediante poxa ou concurso conforme ó prego de condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 desta Ordenanza’.*

O artigo 4º epígrafe D da dita Ordenanza fiscal relativo ás ‘Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección’ establece para as rúas de 1ª categoría fiscal (Rúa San Marcos) a tarifa anual por cada m2 ou fracción de terreo de uso público **de 57,90 euros.**

A **terrazza número 1** ten unhas dimensións de 19,80 m x 4,02 m (79,60 m2), polo que aplicando a tarifa sinalada ós metros cadrados (80 m2) resulta un prezo inicial de licitación de 4.632 euros anuais

A **terrazza número 2** ten unhas dimensións de 19,20 m x 4,02 m (77,18 m2), polo que aplicando a tarifa sinalada ós metros cadrados (78 m2) resulta un prezo inicial de licitación de 4.516,20 euros anuais

A **terrazza número 3** ten unhas dimensións de 21,60 m x 3 m (64,80 m2), polo que aplicando a tarifa sinalada ós metros cadrados (65 m2) resulta un prezo inicial de licitación de 3.763,50 euros anuais

Terceiro.- A Directora do Proxecto URBAN propón unha duración mínima para as autorizacións de catro anos.

O Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de Regulamento dos Bens das entidades locais non regula - a diferenza das concesións- a duración máxima que poden ter as autorizacións.

Non obstante a Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas - aplicable supletoriamente a falta de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas – establece no seu artigo 86 que o aproveitamento especial dos

bens de dominio público estarán suxeitas a autorización ou, se a duración do aproveitamento ou uso excede de catro anos, a concesión.

Polo tanto e á vista deste límite temporal propónse que a autorización teña unha **duración máxima de catro anos.**

Cuarta.- En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127.1.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano

O acordo núm. 2/444 de 23 de xuño de 2011 da Xunta de Goberno Local establece como unha atribución reservada á Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas ou permisos para o uso común especial normal dos bens de dominio público.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán no procedemento de licitación para a autorización do aproveitamento especial de varios espazos de dominio público municipal na rúa San Marcos do concello de Lugo mediante a instalación de terrazas e cadeiras, do seguinte teor literal:

“BASES QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VARIOS ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL NA RÚA SAN MARCOS DO CONCELLO DE LUGO MEDIANTE A INSTALACIÓN DE TERRAZAS E SILLAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto destas bases é o outorgamento de autorización ou licenza para a ocupación temporal do dominio público municipal (Rúa San Marcos) composto por tres espazos delimitados e identificados no Anexo que se achega con estas bases mediante a instalación de mesas e cadeiras conforme as características e deseño que se sinalan no ‘Proxecto de peonalización e adecuación do contorno da rúa San Marcos’ (concretamente planos T_01B, T_02_B1 e T_02_B2 que se achegan como anexos a estas bases)

Os espazos cuxa utilización especial se autoriza son:

A **terrazza número 1** cunha dimensión de 19,80 m x 4,02 m (80 m2)

A **terrazza número 2** cunha dimensión de 19,20 m x 4,02 m (78 m2)

A **terrazza número 3** cunha dimensión de 21,60 m x 3 m, (65 m2)

Os licitadores só poderán optar a unha terraza.

SEGUNDA.- PREZO

Os prezos mínimos para a licitación dos espazos delimitados correspondentes ó ano 2011, serán os que a continuación se detallan:

A **terrazza número 1**: prezo inicial de licitación de **4.632** euros anuais

A **terrazza número 2**: un prezo inicial de licitación de **4.516,20** euros anuais

A **terrazza número 3**: prezo inicial de licitación de **3.763,50** euros anuais

Os ditos prezos fíxanse de acordo co Epígrafe D, Artigo 4º da Ordenanza Fiscal número 152 (taxas por aproveitamentos especiais da vía pública) que establecen unha tarifa anual por cada m2 ou fracción de terreo de uso público: 57,90 euros.

TERCEIRA.-PRAZO DA OCUPACIÓN.

O prazo de duración (vixencia da autorización global) será de CATRO ANOS contados dende o día seguinte ó da notificación do acordo de autorización adoptado polo órgano competente.

CUARTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE LICITACIÓN. REQUISITOS

A autorización do uso especial do dominio público mediante ocupación temporal dos espazos sinalados realizarase mediante licitación pública a fin de garantir o principio de igualdade e concorrencia dos posibles interesados mediante **procedemento aberto** (art. 78.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais)

Están facultados para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, estean dados de alta e ó corrente no pagamento no I.A.E no epígrafe correspondente á actividade de cafetería ou hostelería e contén cunha cafetería ou local na rúa de San Marcos coa correspondente licenza de actividade ou apertura no momento de terminación do prazo para presentar a súa oferta.

Así mesmo os licitadores deberán atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, a xustificación acreditativa de tal requisito deberá ser presentado polos interesados xunto coa solicitude. O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co concello de Lugo.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

QUINTA. INDEMNIZACIÓN POR DANOS NO DOMINIO PÚBLICO. IMPOSICIÓN DE SANCIONES.

Cando o aproveitamento especial levase consigo a destrución ou estrago do dominio público o beneficiario estará obrigado a reparar os desperfectos ocasionados a súa

costa e ademais poderanse impoñer as sancións establecidas no Título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables o beneficiario indemnizará ó Concello de Lugo na contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado.

SEXTA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de ofertas será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SÉTIMA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B de OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sexta antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por algún dos medios que se sinalan no artigo 38 da LRJ-PAC. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

OITAVA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

O sobre denominado A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do Servizo de Contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres aboarase a correspondente taxa (9,90 euros). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Seguridade Social que acrediten que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. O cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Lugo comprobarase de oficio.
- Presentación da alta no epígrafe de cafetería ou hostelería do I.A.E. e, se é o caso, copia do pagamento do último recibo do dito imposto.
- Licenza de actividade ou apertura do local ou cafetería na rúa San Marcos en vigor no prazo de licitación a este procedemento.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo responsable do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

O sobre denominado B, OFERTA ECONÓMICA conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado polo Concello para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS E SILLAS EN VÍA PÚBLICA MUNICIPAL NA PRAZA DE SAN MARCOS**

b) Que opta á adxudicación da terraza númeroe oferta o seguinte prezo anual:

Terraza num 1:..... euros anuais.

Terraza num 2: :..... euros anuais.

Terraza num 3: :..... euros anuais.

*** Só se pode optar a unha terraza**

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven das presentes bases e de as bases técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

e) Lugo, data e sinatura.

Dentro do sobre B deberá incluír un plan de limpeza para manter a zona pública cedida en perfecto estado de mantemento e hixiene.

O dito plan detallará as labores diarias de limpeza que levará a cabo e as periódicas, especificando os momentos do ano en que se realice e os medios, materiais e maquinaria que utilizará tendo en conta as características do pavimento e o tipo de residuos que xera a actividade.

NOVENA.- PERÍODO DE VIXENCIA DAS AUTORIZACIÓNS E PAGAMENTO DAS TAXAS.

1.- As autorizacións terás unha duración de CATRO ANOS contados a partir do día seguinte ó da recepción da notificación por parte do interesado da resolución ou acordo adoptado polo órgano competente en virtude do cal se concede autorización para o aproveitamento especial.

2.- O prezo ofertado para a primeira anualidade ingresarase , trala liquidación correspondente, na Tesourería Municipal con indicación do nome do beneficiario, DNI ou NIF e indicando expresamente “autorización aproveitamento especial terrazas San Marcos”, **nos quince días hábiles seguintes ó da notificación do acordo a que se refire o parágrafo primeiro.**

A dita cantidade será revisable anualmente conforme ó IPC e ingresarase conforme o establecido anteriormente unha vez rematada cada anualidade e nos primeiros quince días do mes seguinte.

3.- De non aboarse as taxas nos prazos establecidos quedará extinguida a autorización e o Concello así o comunicará á persoa titular da mesma e entenderá que a terraza queda a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento regulamentario.

DÉCIMA. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO BENEFICIARIO

A autorización realizarase a favor do licitador que oferte o prezo máis alto para cada terraza, tendo en conta as características especificadas nestas bases. Obterán 0 puntos aqueles licitadores que non melloren o prezo da licitación e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

DÉCIMO PRIMEIRA. PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN

A autorización será concedida polo órgano competente, a proposta da Comisión Avaliadora.

O acto público de apertura da documentación presentada dos interesados celebrarase ó segundo día hábil posterior ó remate do prazo de presentación. Previamente calificarase a documentación administrativa contida no sobre A, podendo conceder un prazo de dez días hábiles para a subsanación de erros e a continuación procederase á apertura do sobre B.

A Comisión avaliará a ofertas presentadas e formulará a correspondente proposta ó órgano municipal competente,

A Comisión avaliadora quedara constituída por as seguintes persoas:

- A Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.
- A Directora do Plan Urban.
- O Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento ou funcionario/a que o substitúa, que actuará como secretario.

DÉCIMO SEGUNDA: DEREITOS E OBRIGAS.

Dereitos.

- Os adxudicatarios terán dereito ó aproveitamento do dominio público mediante a instalación de mesas e cadeiras, de acordo co establecido nestas bases.

Obrigas.

- Os beneficiarios observarán cos usuarios do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- Os beneficiarios respectarán o horario de apertura legal ou regulamentariamente establecido para este tipo de actividade.
- Os adxudicatarios están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo e normativa hixiénico-sanitaria vixente en cada momento.
- Os adxudicatarios deberán comprometerse a que, unha vez rematada a vixencia da autorización, deixar libre o dominio público.
- Manter en condicións perfectas de limpeza e ornato o espazo ocupado para o cal deberá cumprir o plan de limpeza que presente coa súa oferta coas correccións ou modificacións que indique o Concello de Lugo para garantir o correcto estado do dominio público.
- Cumprir e seguir as indicacións que lles formulen os axentes da autoridade no exercicio das súas funcións.

O incumprimento destas obrigas non implicará responsabilidade algunha para o Concello de Lugo que se reserva o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais este o deber de facilitarlle ó Concello canta información ou documentación lle solicítase calquera dos seus departamentos.

DÉCIMO TERCEIRA. PROHIBICIÓNS

Queda totalmente prohibido:

- Calquera traspaso ou cesión do dereito de uso.
- Colocar calquera obstáculo na vía pública fóra do espazo autorizado que entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas.
- Colocar equipos de música, amplificadores ou outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.
- Colocar máquinas automáticas e calquera outro elemento alieo ao mobiliario descrito no proxecto de peonalización e adecuación do contorno de San Marcos.
- Colocar nos elementos do mobiliario publicidade ou o nome do local.
- Acumular desperdicios no exterior das terrazas

O incumprimento do sinalado nas Bases décimosegunda e décimoterceira obrigará ao adxudicatario a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúe o Concello, e implicará ser penalizado coa revogación da autorización sen dereito a indemnización algunha e retirada inmediata dos elementos de mobiliario urbano instalados. Todo isto sen prexuízo do disposto na Base quinta.

DÉCIMO CUARTA. EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIONES

Declararase a extinción da autorizacións:

- Por mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ó propio Concello nin a outros adxudicatarios.
- Por resolución do Concello nos seguintes supostos:
 - * Por falta de pagamento dos prezos ofertados nos prazos establecidos
 - * Por incumprimento das obrigas sinaladas na Base décimosegunda ou comisión das prohibicións sinaladas na Base décimoterceira.”

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.